

CONTIDO

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. DATOS DA ENTIDADE.....	4
3. ASOTRAME: QUENES SOMOS.....	5
4. OBXECTIVOS E FINS DA ENTIDADE RECOLLIDOS NOS ESTATUTOS.....	6
5. VALOR SOCIAL.....	8
6. NÚMERO DE SOCIOS/AS E GRUPO DE VOLUNTARIADO.....	10
7. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS, CENTROS E FUNCÍONS NOS QUE SE DIVERSIFICA A ACTIVIDADE DE ASOTRAME.....	12
8. PÚBLICO DESTINATARIO.....	14
9. COORDINACIÓN EXTERNA CON ADMINISTRACÍONS E OUTRAS ENTIDADES..	15
10. ACTIVIDADES E PROXECTOS 2020.....	17
11. DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE, NOTAS DE PRENSA E SAÍDA EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN.....	26
12. PREMIOS.....	37
13. RETOS DE FUTURO.....	39

1. INTRODUCCIÓN

Seguindo os datos extraídos da “Sociedade Española de Oncoloxía Médica” (SEOM), e falando desde o punto de vista epidemiolóxico, estímase que unha de cada dúas persoas nadas hoxe terá algún cancro ó longo da súa vida, o que supón un reto de enormes proporcións para as actuais sociedades. Ante afirmacións desta magnitude, estamos en posición de afirmar que a sensibilización e información en relación á doazón de medula ósea é un dos piares sobre o que debemos sustentar a actividade dunha entidade como ASOTRAME, pois un transplante deste tipo pode converterse na única solución para alguén que padeza algunha das enfermidades ás que facemos mención neste documento. E as estatísticas actuais, demostran que este tipo de accións van dando os seus froitos paulatinamente.

En abril do ano 2019 cumpriuse o obxectivo proposto polo Plan Nacional de Medula Ósea, un ano antes do previsto, que era alcanzar os 400.000 doantes de medula ósea rexistrados en España.

Chegado a este punto, fíxose necesario reorientar os obxectivos futuros do Plan Nacional de Medula Ósea para adaptarnos ás necesidades dos nosos pacientes e na 3ª fase do Plan Nacional de Medula Ósea preténdense alcanzar os 500.000 doantes en 2022.

A 1 de xaneiro de 2020, en España había 420.730 doantes de medula ósea inscritos no Rexistro Español de Doantes de Medula Ósea (REDMO). Deles, 36.108 son doantes que se rexistraron en 2019, o que supón o aumento dun 9,2% respecto o ano anterior. O incremento no número de doantes rexistrados no REDMO e a mellora cualitativa do rexistro son obxectivos da terceira fase do Plan Nacional de Medula Ósea.

Ó longo do pasado ano, en España realizáronse 3.375 transplantes de proxenitores hematopoéticos (TPH) – ou células nai do sangue -, obtidos de medula ósea, sangue periférica e sangue de cordón umbilical (SCU). Deles, 2.049 procedían do propio paciente, mentres que 1.236 foron obtidos dun doante. Pese á SARS-COV2, en 2020 solo se realizaron 69 transplantes menos que en 2019, o que representa un 2% de redución.

Neste ano 2021, en España realizáronse 176 doazóns efectivas de medula ósea durante os oito primeiros meses do ano, fronte as 136 realizadas no mesmo período do ano 2020.

Isto supón un aumento do 29%, segundo os datos facilitados pola ONT e o REDMO.

Destas 176 doazóns efectivas, 96 foron para pacientes españois e 80 para pacientes estranxeiros.

En relación ó REDMO, un total de 19.268 persoas inscribíronse como doantes de medula ósea no rexistro durante os oito primeiros meses de 2021, o que representa un aumento do 9% en comparación co mesmo período do ano 2020.

Se nos cinguimos a Galicia, durante o ano 2020 rexistráronse 928 novos doantes no REDMO, sumando así un total de 12.451 doantes de medula ósea. O ano 2019 rematara con 1.089 novos doantes inscritos no REDMO.

Cun total de 446.561 doantes dispoñibles no REDMO a 31 de agosto de 2021, España aproxímase ós 500.000 doantes rexistrados, un dos obxectivos establecidos polo PNMO para 2022.

Entre os doantes incorporados ó longo de 2021, a media de idade redúcese ata os 28 anos. Sen embargo, solo o 36% dos doantes rexistrados son varóns fronte a un 64% de mulleres.


Son datos que invitan ó optimismo, que demostran o efecto positivo da continuidade do Plan Nacional de Medula Ósea, e ó mesmo tempo, recoñece o gran traballo e bo funcionamento das asociacións, parte importante do Plan Nacional de Medula Ósea, xa que son as que están máis en contacto coas persoas.

2. DATOS DA ENTIDADE

DENOMINACIÓN ASOTRAME (Asociación Galega de Afectados por Transplantes Medulares)		CIF G-70370713
DOMICILIO SOCIAL R/ Catro Camiños S/N, Local Social de A Gándara		
LOCALIDADE Narón	PROVINCIA A Coruña	CÓDIGO POSTAL 15.570
TELÉFONO 698 130 684	EMAIL asotrame@asotrame.com	
PÁXINA WEB www.asotrame.com	REDES SOCIAIS <i>Facebook:</i> https://www.facebook.com/asotrame <i>Twitter:</i> @Asotrame <i>Youtube:</i> Asotrame <i>Instagram:</i> Asotrame <i>Linkedin:</i> https://es.linkedin.com/company/asotrame	
REXISTRO DE ASOCIACIONES <ol style="list-style-type: none">Inscrita no Rexistro Xeral de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2013/017360 Sección 1 Rexistro Central de AsociaciónsInscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, co número E-6279, e coa seguinte clasificación:<ul style="list-style-type: none">- Categoría: INICIATIVA SOCIAL- Subcategoría: ASOCIACIONES- Área Estratéxica de Actuación: DISCAPACIDAD- Ámbito xeográfico de Actuación: AUTONÓMICOInscrita no Rexistro de Asociacións do Concello de Ferrol co número 480Inscrita no Rexistro de Asociacións do Concello de Narón co número 326Inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (REMAC) do Concello de A Coruña co número 452Inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións de Santiago de Compostela co número 695		

3. ASOTRAME: QUENES SOMOS

ASOTRAME (Asociación Galega de Afectados por Transplantes Medulares), é unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, que nace no ano 2013 co obxectivo fundamental de mellorar a calidade de vida das persoas transplantadas de medula ósea, daquelas que se atopan inmersas no proceso dun cancro hematolóxico, dos seus familiares, e, por ende, do conxunto da sociedade. Para conseguir os obxectivos recollidos nos estatutos, dende a entidade poñemos en marcha diferentes tipos de proxectos, servizos, e actividades, en función dos obxectivos, sempre baixo o mesmo denominador común: mellorar a calidade de vida de pacientes e das súas familias.



4. OBXECTIVOS E FINS DA ASOCIACIÓN RECOLLIDOS NOS ESTATUTOS

- a) Promover a agrupación de todos os pacientes de transplantes medulares que viven en Galicia, e noutros lugares se así o desexan, para poder traballar de forma coordinada na consecución de posibles solucións para mellorar a súa calidade de vida e posibles terapias paliativas ou curativas.
- b) Sensibilizar á opinión pública e ás Administracións acerca dos problemas de prevención, tratamento, curación e asistencia destas enfermidades e promover as medidas e a lexislación adecuada.
- c) Desenvolver e difundir a información sobre estas enfermidades aos pacientes, os seus familiares e os profesionais, etc., co fin de conseguir o seu mellor coñecemento e implicación dos mesmos.
- d) Potenciar todas as canles de información e sistemas de axudas para os asociados a fin de propiciar a integración social dos mesmos.
- e) Actuar no ámbito da familia, escola, formación profesional e relacións laborais.
- f) Promover a información, a divulgación, a investigación, a colaboración e o estudo que favoreza un mellor coñecemento e cooperación entre hospitais, centros de investigación e centros asistenciais, e así contribuír á consecución de melloras no benestar das persoas enfermas afectadas por transplantes medulares.
- g) Promover a investigación clínica e de base sobre as mencionadas doenzas para mellorar as posibilidades terapéuticas, rehabilitadoras e curativas.
- h) Promover e fomentar a actuación de voluntariado e asociacionismo para alcanzar a mellor atención das persoas enfermas afectadas por transplantes medulares e os seus familiares.
- i) Colaborar con cantos organismos, entidades e institucións públicas e privadas, que traballen para mellorar a calidade de vida e a asistencia social, sanitaria, ocupacional, deportiva, residencial e laboral das

persoas enfermas afectadas por transplantes medulares, participando activamente con aquelas que comparten os mesmos obxectivos.

- j) Promover a atención e o desenvolvemento de programas e actividades, dentro da discapacidade, dirixidas á infancia e xuventude.
- k) Promover a atención e o desenvolvemento de programas e actividades, dentro da discapacidade, dirixidas á muller.
- l) Favorecer o interese, dentro da discapacidade, polas actividades deportivas e culturais e promover o seu desenvolvemento.
- m) Prestar servizos sociais e sanitarios.
- n) Promover centros laborais, incluídos os centros especiais de emprego, participando, promovendo e creando iniciativas empresariais que primen a inserción laboral das persoas con discapacidade, en postos de traballo adaptados as súas necesidades e en condicións de igualdade de deberes e dereitos cos resto de persoas traballadoras, de acordo coa lexislación vixente, destacando:
 - i. Promover formas ou centros laborais, incluídos os centros especiais de emprego, participando, promovendo e creando iniciativas empresariais relacionadas coa promoción de solucións totais ou parciais para as persoas discapacitadas, en particular para as afectadas por transplantes medulares.
 - ii. Promover e desenvolver calquera acción que, directa ou indirectamente, poida contribuír ao cumprimento da misión da asociación.
 - iii. Representar ás persoas afectadas nos ámbitos locais, provinciais, da comunidade autónoma, nacionais e internacionais.

5. VALOR SOCIAL

MISIÓN

ASOTRAME (Asociación Galega de Afectados por Transplantes Medulares), nace co obxectivo primordial de prestar apoio a persoas afectadas por un cancro hematolóxico e ás súas familias. Do mesmo xeito, traballamos día a día para sensibilizar e informar ó conxunto da sociedade sobre a importancia de facerse doante de medula ósea, e colaboramos economicamente na investigación contra esta enfermidade, realizando aportacións anualmente a diferentes administracións e fundacións.

VISIÓN

A nosa visión baséase fundamentalmente na existencia dun traballo coordinado entre os diferentes axentes sociais implicados. Así, entendemos que profesionais sanitarios, administracións, profesionais do ámbito social e educativo, entidades, e voluntariado, debemos xuntar esforzos para, dun xeito coordinado, poder prestar unha atención individualizada a todas aquelas persoas afectadas por un cancro hematolóxico.

VALORES

Todo este traballo baseámolo nunha serie de valores, que podemos resumir nos seguintes:

- **Transparencia**: como entidade sen ánimo de lucro, financiada tanto con fondos públicos como privados, amosamos as nosas contas e memorias a socios e socias, e colaboradores e colaboradoras.
- **Empatía**: poñéndonos no lugar de calquera paciente ou familia, comprendendo a situación pola que están pasando, para individualizar e adaptar as nosas intervencións a cada caso e situación.


- Responsabilidade social: como axente social implicado nun traballo coordinado, e realizando as nosas funcións desde o máximo rigor e ética.
- Compromiso: coas persoas, sociedade, e coa nosa causa, xuntado esforzos día a día co único obxectivo de mellorar a calidade de vida de pacientes e familia.
- Igualdade de oportunidades: entendendo esta como a posibilidade de acceso de calquera persoa ós nosos recursos e servizos, independentemente das súas circunstancias persoais e/ou económicas.
- Mellora continua: coa pretensión de que a nosa entidade se poida converter nun referente do traballo neste sector, podendo chegar coas nosas accións a un maior número de persoas.
- Traballo en equipo: tanto dentro da nosa entidade como no traballo en rede do entorno, pois solo así podemos prestar unha atención holística e personalizada en cada caso.

6. NÚMERO DE SOCIOS/AS E GRUPO DE VOLUNTARIADO

Dous dos alicerces fundamentais sobre os que se sustenta a actividade dunha asociación como Asotrume son a súa masa social xunto coas entidades ou empresas colaboradoras, e o seu equipo de voluntariado.

En primeiro lugar, os socios e socias, que son, á vez en gran medida beneficiarios e beneficiarias, e parte activa da posta en marcha de moitas das nosas accións, aportan un importante soporte económico co pago das súas cotas, o que permite o mantemento e continuidade dos servizos e das actividades. Ao mesmo tempo, moitos e moitas colaboran participando de xeito activo na organización, planificación e execución de diferentes eventos e proxectos que Asotrume leva executando dende os seus inicios, no ano 2013.

Se analizamos o aumento no número de socios e socias dende a creación da entidade ata a actualidade, podemos observar como se produce un aumento paulatino anual, o cal reflexa a continua evolución que sofre a asociación a nivel de participación, implicación e persoas beneficiarias das súas accións, chegando actualmente ata as 167 persoas asociadas.



En canto ó voluntariado, trátase dunha parte fundamental de Asotrume, xa que grazas ó seu traballo podemos desenvolver moitas actividades, das que sen a súa axuda, seríanos imposible. A 31 de decembro de 2.021 contamos con 40 persoas voluntarias.

E por último, as empresas colaboradoras. Desde hai dous anos, iniciamos unha nova liña de traballo que nos permite manter e darlles continuidade a moitos dos nosos proxectos, gracias ás distintas aportacións que fan as empresas colaboradoras coa entidade. Actualmente contamos con 20 empresas colaboradoras.

7. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS, CENTROS E FUNCIÓNS EN QUE SE DIVERSIFICA A ACTIVIDADE DE ASOTRAME



Tal e como se observa no gráfico, ASOTRAME está composto por unha xunta directiva, formada por un total de cinco persoas (presidenta, vicepresidenta, secretario, tesoureiro e vogal), que son o órgano de toma de decisións da asociación. Cada unha destas persoas ten unhas funcións claras e delimitadas no equipo, se ben unha das máximas da asociación é a comunicación interna dos seus membros.

No 2016, profesionalízase por primeira vez a entidade, incorporando ao seu equipo técnico un educador social, encargado de xestionar os proxectos da entidade. Ao

mesmo tempo, contamos tamén con un numeroso equipo de voluntariado, que participa de xeito activo nas actividades que se propoñen.

No ano 2018 incorporamos unha auxiliar administrativa, que se encargará de rexistrar, archivar e administrar toda a documentación da entidade.

E no ano 2019, Asotrame continua medrando, e boa mostra disto é que contamos cunha psicóloga na sede de Santiago de Compostela, pero dispoñible para pacientes que se atopen en calquera punto de Galicia, e cunha traballadora social na nosa sede de Narón, co que sumamos un equipo formado por catro profesionais.

Continúa medrando tamén o grupo de persoas colaboradoras en Santiago de Compostela e en Culleredo, coordinados por voluntarias e que diversifica e amplía o traballo da entidade.

Por último, existe a Asemblea Xeral de Socios e Socias, onde se someten a votación aquelas decisións que ben pola súa transcendencia, ou porque así aparece recollido nos estatutos, deben estar suxeitas ao criterio de socios e socias.

8. PÚBLICO DESTINATARIO

ASOTRAME centra o seu traballo en proporcionar apoio e asistencia dun xeito integral ás persoas que padecen algún tipo de cancro hematolóxico en particular, e a aquelas que sofren algún tipo de cancro en xeral. Ademais, dado o impacto que unha patoloxía destas características xera non só nas propias persoas, se non tamén no seu entorno máis próximo, as súas accións teñen como beneficiarias directas tamén a familiares e amizades.

No mesmo sentido e dado que un dos eixos fundamentais da entidade é o traballo na sensibilización sobre a doazón de medula ósea, estamos en posición de afirmar que o conxunto da sociedade vese beneficiada tamén das actividades desenvoltas desde a asociación, na procura do maior número de doantes de medula posible, o cal contribuirá, sen ningún xénero de dúbida, a lograr salvar o maior número de vidas posible.

9. COORDINACIÓN EXTERNA CON ADMINISTRACIONES E OTRAS ENTIDADES

Ademais da relación coas administracións públicas e con empresas do sector privado á que fixemos referencia no epígrafe anterior, ASOTRAME forma parte tamén de:



AELCLÉS: Agrupación de Asociacións de Loita Contra a Leucemia e Enfermidades do Sangue, a nivel nacional. Esta entidade, nada no ano 1994, acadou grandes fitos en pro da mellora da calidade de vida das persoas que padecen algún tipo de cancro, e a día de hoxe, segue ofrecendo ós seus usuarios e usuarias unha serie de servizos e programas que

permiten a atención integral dos pacientes.



GEPAC: Grupo Español de Pacientes con Cáncer. Trátase dunha organización independente sen ánimo de lucro composta por 70 asociacións de pacientes, 22 membros

corporativos e 10 divisións propias: tumores raros, mama, cabeza, colo, fígado, páncreas, próstata, pulmón, ril, pel e melanoma. Esta alianza ten como propósito compartir recursos e experiencias e ter unha soa voz ante os diferentes axentes sociais e sistemas de saúde. GEPAC ofrece información e asesoramento psicooncolóxico, social, xurídico, oncoestético e de rehabilitación física para pacientes con cancro e os seus familiares.



COGAMI: Confederación Galega de Persoas con Discapacidade. Esta organización nace no ano 1990, co obxectivo de conseguir a plena inclusión das persoas

con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas. Cogami conta con 11 iniciativas empresariais de economía social, onde

traballan preto de 800 persoas. Cogami está constituída por 58 entidades, entre as que figura Asotrume.



COCEMFE: Confederación Española de Persoas con Discapacidade Física e Orgánica. Esta organización é unha ONG fundada en 1980 que aglutina, fortalece e coordina os esforzos e actividades das entidades que traballan a favor das persoas con discapacidade física e orgánica para defender os seus dereitos, mellorar a súa calidade de vida, potenciar a súa autonomía e alcanzar a plena cidadanía. COCEMFE está formada por 91 entidades estatais, autonómicas e locais, que á súa vez agrupan a máis de 1.600 asociacións locais en todo o país.

A adhesión de ASOTRAME a este tipo de entidades, proporciona un forte apoio técnico e institucional, ademais de dar maior visibilidade ao traballo dunha entidade que a día de hoxe conta cun breve percorrido.

10. ACTIVIDADES E PROXECTOS 2021


Este ano 2021 estivo tamén marcado pola pandemia, polo que toda a nosa previsión de proxectos feita para este ano axustouse á nova situación. A atención presencial foi mínima. Aínda así, moitos dos nosos proxectos continuaron desenvolvéndose pero de xeito telemático.

As actividades desenvoltas centráronse en conseguir os tres obxectivos da entidade: prestar apoio, información e asesoramento a pacientes con cancro e as súas familias; informar e sensibilizar ao conxunto da sociedade sobre a importancia de doar medula ósea; e colaborar en proxectos de investigación contra o cancro. Ademais, desde a nosa asociación consideramos fundamental seguir formando ao noso equipo de colaboradores e colaboradoras, e de voluntariado, polo que tamén centramos o traballo diario en reciclar os nosos coñecementos e seguir formándonos, o cal repercutirá de xeito moi positivo nas nosas accións, e por ende, nas persoas beneficiarias das mesmas.

OBXECTIVO 1: PRESTAR APOIO, INFORMACIÓN E ASESORAMENTO A PACIENTES CON CANCRO E AS SÚAS FAMILIAS

- “Servizo de Atención Psicosocial de Asotrame”

No ano 2021, ASOTRAME continuamos co Servizo de Atención Psicosocial. Debido á situación provocada pola pandemia, este servizo ofreceuse empregando canles telemáticas. A partir do mes de xuño, ofreceuse tamén presencialmente desde o espazo asociativo do que dispoñemos no CHUS, así como tamén desde CABES. Dentro deste proxecto, realízanse intervencións psicosociais profesionalizadas, proporcionando información sobre recursos sociosanitarios do entorno para pacientes e familiares. Realizáronse un total de 89 intervencións desde o Servizo de Atención Psicosocial da entidade.



- “Servizo de Apoio entre Iguais”


Neste 2021, e a pesar das circunstancias, un dos proxectos que continuou medrando en Asotrume foi o Servizo de Apoio entre Iguais. Trátase dun proxecto que pretende establecer relacións entre pacientes recentemente diagnosticados de cancro hematolóxico e/ou familiares, con antigos expacientes, que pasaran por unha situación similar, a través da que poidan compartir experiencias, vivencias e necesidades, co obxectivo de apoiar ós primeiros no proceso da enfermidade. Para isto, en Asotrume contamos cun grupo de voluntariado formado por persoas que viviron en primeira persoa un cancro hematolóxico, e que queren colaborar activamente. Debido a situación pandémica, este servizo desenvolveuse a través de canles telemáticas. Este ano leváronse a cabo 51 intervencións dentro do Servizo de Apoio entre Iguais.



- “Café con tu hematólogo”

Este ano continuamos co proxecto “Café con tu hematólogo”, un punto de encontro onde familiares de pacientes ingresados puideron interactuar e coñecerse. Este proxecto desenvolveuse a través de canles telemáticas a última semana de cada mes, e estivo coordinado pola psicóloga de Asotrume. Así, leváronse a cabo dez sesións online, contando coa participación de varios hematólogos e hematólogas do SERGAS.

Este proxecto foi posible gracias á colaboración do laboratorio Janssen&Cilag.



- “Como en Casa”: Vivenda de Estancia Temporal para Pacientes e Familiares

Tras un duro e longo traballo en busca de financiación e axudas para por en marcha este servizo, o pasado ano continuamos co que ata agora é o noso proxecto máis ambicioso. Trátase dun servizo pensado para pacientes e familiares que, dadas as necesidades xurdidas tralo diagnóstico dunha



enfermidade oncolóxica, precisen dun apartamento no que poder durmir, descansar ou asearse mentres o paciente está recibindo tratamento. Está situado a escasos 5 minutos do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, e é de carácter totalmente gratuito. Solicitan este servizo un total de 15 familias ó longo de todo o ano, sendo beneficiarias directas oito persoas. O seu financiamento é a través da convocatoria de concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF, a cal é xestionada dende COGAMI.


Desde o mes de decembro, iniciamos este servizo na cidade de Santiago de Compostela. Contamos cunha vivenda con maior capacidade que a de Coruña, situada en Santiago de Compostela, nas inmediacións do CHUS, e que conta cun funcionamento e organización similar á vivenda da Coruña. A posta en marcha desta vivenda foi gracias a financiación de Janssen Cilag, a través do reto Globalizados.

- TrasplantArte

“TrasplantArte” é un proxecto que ten como obxectivo prestar atención social e psicolóxica de xeito individual e/ou grupal a pacientes que sufriron algún tipo de afectación inmunolóxica ou do sangue, e que recibiron a alta hospitalaria. Trabállanse as emocións a través da expresión artística, outorgando liberdade creadora ó paciente e/ou familiares, facilitando un tempo e espazo en tranquilidade.

A través deste proxecto, da man de Rebeca Ponte, realizamos intervencións con pacientes ou familiares de xeito online.

Este proxecto está financiado a través do Plan de Prioridades da Fundación ONCE, xestionado por COCEMFE.



- “ASOTRAME É SÁUDE: Ioga para Pacientes e ExPacientes Oncolóxicos, e Familiares”

Asotrame conta entre os seus proxectos, con “ASOTRAME É SÁUDE: Ioga para Pacientes e ExPacientes Oncolóxicos, e Familiares”, que se desenvolve todos os mércores de 10:00 a 11:00 no Local Social de A Gándara. Son clases gratuítas impartidas por unha especialista en pacientes e expacientes oncolóxicos para un grupo de 10 persoas. Debido á situación derivada da pandemia, este proxecto estivo suspendido ata o mes de agosto, pero mantívose un seguimento coas persoas participantes da actividade. Desde o mes de setembro, este programa xa se reiniciou con total normalidade, pero sempre respectando as medidas sanitarias.



Este proxecto está financiado gracias ó Concello de Narón.

- “Club de lectura”

O proxecto “Club de lectura” trátase dunha actividade enmarcada no proceso de animación á lectura con pacientes ingresados por causas hematolóxicas ou que se atopan en tratamento no hospital de día, e incluso a pacientes que recibiron a alta hospitalaria e se atopan nos seus domicilios. Tamén está dirixido ós seus cuidadores e/ou cuidadoras, así como a familiares.

A proposta abarca un club de lectura de reunión online de periodicidade mensual onde os distintos participantes poñen en común as súas experiencias a través da lectura recomendada para unha data. Dáse prioridade ó evento online pensando especificamente nos pacientes ingresados e nos que están en períodos de illamento.

Este proxecto foi posible gracias á financiación de Roche Farma S.A.



OBJECTIVO 1: PRESTAR APOIO, INFORMACIÓN E ASESORAMENTO A PACIENTES CON CANCRO E AS SÚAS FAMILIAS

INDICADOR	RESULTADO
AUMENTO DE NÚMERO DE PACIENTES E FAMILIAS ATENDIDAS	INCREMENTO DUN 20%
AUMENTO DO NÚMERO DE SERVIZOS EN MARCHA	4 NOVOS SERVIZOS
AUMENTO DO NÚMERO DE DEMANDAS RECIBIDAS	INCREMENTO DUN 20%

OBXECTIVO 2: INFORMAR E SENSIBILIZAR AO CONXUNTO DA SOCIEDADE SOBRE O PROCESO DE DOAZÓN DE MEDULA ÓSEA, A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DE DIFERENTES TIPOS DE ACTIVIDADES

- Charlas e Actividades de Sensibilización


Outro dos xeitos que temos para poder transmitir á poboación a importancia de ser doante de medula ósea son as charlas de sensibilización. Nelas, ademais de explicar de maneira pormenorizada e con información veraz o proceso de doazón (desde a inscrición no REDMO ata o momento da doazón efectiva), realízase un



percorrido polo traballo da asociación. Ademais, e para darlle máis veracidade as nosas palabras, acompañanos unha persoa transplantada, co que conseguimos espertar a empatía nas persoas ás que nos diriximos e por tanto, o interese en todo o que contamos. En total, ó longo do 2021 realizáronse catro charlas de sensibilización.

- Revista “Vivir es Increíble”

A publicación desta revista gratuíta é un dos proxectos de comunicación que se leva a cabo dende a entidade. Na 8ª edición, os lectores e as lectoras poderán encontrar diferentes artigos sobre investigación, alimentación, testemuñas de persoas que superaron o cancro, a visión máis positiva da enfermidade, avances en hematoloxía, entrevistas a médicos de relevancia... “Vivir es increíble” repártese entre os centros hospitalarios, socios/as, empresas colaboradoras e público en



xeral, para facer chegar o traballo e a mensaxe de ASOTRAME ao maior número de recunchos posible. Nesta pasado ano, distribuíronse máis de 500 exemplares.

- “II Carreira Online Solidaria: La carrera que nunca para”

Outra das grandes vías mediante a cal se conseguen un gran número de doantes é a posta en marcha de diferentes actividades nas que se reúne un gran número de persoas, e nas que, co ocio como fío condutor, conseguimos levar a nosa mensaxe da importancia de doar medula. Deste modo, debido á pandemia e dado o éxito da primeira edición, no ano 2021 levamos a cabo a II Carreira Online Solidaria “La Carrera que nunca para” en varios concellos de Galicia. Todo o recadado foi integramente destinado ó proxecto Adhiante, coordinado polo Dr. Adrián Mosquera.



- WeddingPack Solidario

